

BANDO

25 de Xullo, Día da Patria Galega.

Prezadas veciñas, prezados veciños das Neves.

O día 25 de xullo celebramos o "día da Patria Galega", unha conmemoración que, en palabras de Castelao, constitúe a "Festa a maior de Galiza, a festa de todas as galegas e galegos", xa respectada e recoñecida oficialmente despois de mais de 90 anos de historia convulsa, dende aquel ano de 1919 no que as "irmandades da fala" acordaran celebrar o 25 de xullo a festa nacional da Galiza.

Neste ano 2015 concorren, ao meu ver, dúas felices coincidencias: A primeira alcaldía nacionalista no goberno municipal das Neves, e a histórica decisión dos grupos políticos nacionais de celebrar unidos esta data festiva e reivindicativa.

Con tal motivo quero facervos chegar un persoal e afectuoso saúdo, así como convidaros a participar activamente nesta especial celebración, pendurando de fiestras e balcóns a bandeira Galega como representación dun sentimento compartido.

E tamén quero convidaros a acompañarnos á manifestación unitaria que se celebrará na capital Galega, en Santiago de Compostela, o propio día 25 de xullo na que todas as organizacións defendemos o dereito a gobernar a Nosa Terra.

O dereito natural a poder expresar libremente as ideas, e a reivindicar dereitos colectivos, constitúe un elemento de especial relevancia na dignificación do ser humano como ser social, e na construción de sociedades libres, xustas e solidarias.

Esa sociedade que queremos para As Neves e para o noso País.

As Neves 25 de xullo de 2015.

Xose Manuel Rodríguez Méndez.
Alcalde das Neves